

Mércores, 3 de novembro de 2021

Núm. 211

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **PONTEVEDRA**

#### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

#### *APROBACIÓN INICIAL DA PROPOSTA DE ESTRUCTURA DE CUSTES DA CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL*

#### *INFORMACIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN INICIAL DA PROPOSTA DE ESTRUCTURA DE CUSTES DA CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de outubro de 2021, acordou aprobar inicialmente a proposta de estrutura de custes da concesión do servizo público de xestión de residuos de competencia municipal.

Aprobada inicialmente a proposta de estrutura de custes, e de conformidade co disposto no artigo 9 do RD 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación da Economía Española, sométese a información pública por un prazo de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do propio Concello.

Así mesmo, de conformidade co artigo 7.e) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, publícase tamén anuncio de información pública, acompañado dos documentos que integran o expediente na sede electrónica do Concello (menú transparencia, información xurídica, outros documentos en información pública) ([sede.pontevedra.gal](https://sede.pontevedra.gal)), manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de información pública. A publicación dos documentos que integran o expediente poderá realizarse mediante a indicación do CSV destes, para que se proceda a súa consulta destes na sede electrónica do concello, introducindo o código seguro de verificación CSV na sede electrónica do Concello.

Así mesmo, dito expediente poderá ser examinado durante o horario de apertura de oficinas, no devandito prazo, nas dependencias do Servizo de Contratación situado no primeiro andar do edificio de Michelena, número 30 de Pontevedra, co obxecto de que poida analizar o expediente e formular as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido dito prazo non se presentaron alegacións, considérase aprobado definitivamente o devandito acordo.

Aprobada definitivamente a estrutura de custes, procederáse á súa remisión á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: DWP8RS8NE1E2IIV

